



EDITORIAL

Xa non é a primeira vez que estou a cargo do editorial do Ruxe Ruxe, pero esta vez, se me permitides, non falarei sobre a situación alarmante do galego nin dos problemas sociais que nos perseguen a todas horas. Nesta ocasión diríxome a modo de ~~despedida~~ reflexión sobre esta etapa. Encontrarédesevos con exames día si e día tamén, con moreas de traballos e apuntamentos que estudar. Pero crédeme que vale a pena. Haberá materias que vos resultarán unha condena, haberá outras que elixiredes aínda que pensedes que non vos van gustar e ao final non vos arrepentiredes de telas escollido, e por suposto, descubriredes materias que gozaredes e que incluso poden influír no futuro extra-académico. Atoparedes compañeiros que serán os vosos amigos. Pero tamén profesores de castelán nos que sorprende o seu grao de profesionalidade; profesores de galego que fan de ti alguén interesado por Galicia, pola súa cultura, idioma e por querer seguir sendo sempre galego; profesores de música que son tamén grandes compañeiros; profesores de matemáticas que, aínda que sexas de letras, buscan a maneira de que saias con vida; profesores de xeografía que son persoas realmente maravilosas e que desfrutan ensinando día tras día; profesores de latín que teñen a oportunidade de cambiarche a vida e que farán que sempre os lembres; e outros tantos que contribúen a que sexas persoa. Por iso mesmo, aproveitádeos. Logo de pasar seis anos aquí sairedes cun nivel de cultura e formación que vos fará ser quen sodes e que lle debedes agradecer a esta estancia, que agora podedes non valorar moito ou non darvos conta da súa importancia.

Gozade do Aquis.

Gozade de ser Aquis.

Eric Figueiras, 2ºE Bach

Normaliza...acción

Este curso o Equipo de Dinamización continuamos coa liña marcada nos cursos anteriores. Se hai un bo camiño que seguir, non hai risco de extraviarse! Así, levamos a cabo unha serie de actividades que xa son tradicionais aquí, no Aquis: **Día da Ciencia en Galego, 25 N, Caldeirada, concursos (Amo a túa lingua, microtextos), Día de Rosalía, exposicións, charlas, Festa da Lingua...** Colaboramos con Vicedirección e Biblioteca e tivemos colaboración de moitos departamentos para as diferentes actividades. Aí vai unha pequena síntese.

Día da Ciencia en Galego

Foi moito máis que un día o que dedicamos a reclamar que, malia o que digan algúns, a ciencia tamén pode facerse en galego. Tivemos unha exposición sobre legumes, xenética, Méndel e Cruz Gallástegui; fomos coñecer a Misión Biolóxica de Galicia, cuxo primeiro director foi, precisamente, este último.



Colaboramos nos experimentos científicos coordinados por María de Física e Química, Marga de Bioloxía e Pablo de Matemáticas; e divertímonos aprendendo física con José Benito Vázquez Dorrío, responsable do Equipo de Aprendizaxe Manipulativo da Física da Universidade de Vigo

25N, Donas do noso

Para a xornada contra a violencia sobre as mulleres, creamos un sonoro lema reivindicando a independencia da muller, o dereito a decidir, a ter o control da súa vida. Pero non só iso. Co noso lema conseguimos ligar estas reivindicacións coas lingüísticas. E aí segue, na entrada do instituto, recibindo a todos os que chegan. **Donas do noso corpo, destino, idioma, país, en igualdade.**



Ademais puxémolo a circular en twitter co cancelo **#25Ndonasdonoso**

Concursos

Volvemos convocar o concurso de textos de amor en galego **Amo a túa lingua**. O noso antigo compañeiro e colaborador Lois Magariños deseñou a tarxeta para o lema que escollemos este ano, Co corazón na lingua.



Non houbo demasiadas tarxetas para concurso, pero si unha participación masiva en postais con destinatario. Semella que hai moitos namorados e namoradas no centro. Dende Dinamización desexámosvos que perdone o voso amor...**á lingua**.

E, unha vez máis, participamos nos concursos convocados pola Coordinadora Comarcal de EDLG Terras do Umia, de micropoemas e microrrelatos. Desta volta, a palabra clave que debía empregarse era **BILLA**, unha fermosa palabra que cada vez vemos máis suplantada pola súa correspondente castelá. No resto, poucas novidades. A principal foi que os poemas puideron estenderse ata os oito versos.

Charlas

Ademais da mencionada anteriormente, tivemos dúas charlas do máis interesante: a de un indio que fala galego e a dun neurobiólogo, que tamén fala galego, que deu a volta ao mundo.

Anik Nandi, doutor en sociolingüística pola Heriot-Watt University de Edimburgo e de procedencia bengalí, fixo a súa tese de doutoramento sobre a transmisión interxeracional do galego. Veu ao noso centro nun proxecto da SXPL chamado O galego é un mundo. Especialmente interesante foi o coloquio posterior co alumnado, moi útil para derrubar prexuizos.



Xurxo Mariño, doutor en Ciencias Biolóxicas pola USC, cun importante traballo de investigación en neurobioloxía, é moi coñecido polas súas actividades de divulgación do coñecemento científico. Ten publicados varios libros, o último, Terra, sobre a súa viaxe arredor do mundo (que ía contando, con vídeos incluídos, tamén no blog Vagamundeando). E diso nos veu falar, de observación e de curiosidade, da ciencia que se agocha tras os espectáculos da natureza, de aventuras... Todo un luxo.

Rosalíate e máis

Apuntámonos á proposta da Asociación de Escritores en Lingua Galega, AELG, e fixemos un vídeo para festexar o Día de Rosalía, Rosalíate.

Sacamos Caldeirada, participamos activamente na Festa da Lingua e no Sondoumia, fixemos unha exposición sobre Carlos Casares, participamos con éxito no Tíralle da Lingua...

Queríamos ter feito moitas máis cousas, pero quedarán para o vindeiro curso.


Agora, nas vacacións, seguídelle dando á lingua! Falade, lede, ligade e gozade en galego!



Rosalíate

CREA...ACCIÓN

Microrrelatos categoría C (ESO)



Coma sempre

Abriu a billa e, unha vez máis, volveu saír terra.

Uxía Silva Sousa
GAÑADOR CATEGORÍA 1

14 de febreiro

Espertei... Escoitábase de fondo un fio de pingas de auga, pingas que derramara onte por ela... O son facíame recordala, facíame pensar que esta acción romperá o meu corazón deixándoa ir... Todos os días esas mesmas pingas recordábanme o día que marchara deixando a billa aberta. Un desafiante catorce de febreiro...

Alicia Potel López
FINALISTA CATEGORÍA 1

Antes

Antes do ordenador, do móbil, da táblet... No tempo en que falar era falar e non escribir. Antes sequera das emoticonas, dos chíos e dos rechíos. Antes, a xente reuníase nos lavadoiros, nas fontes. E a xente falaba. Así era como se sabía quen andaba en relacións. Non se precisaba facebook, nin twitter: a rede social do momento era o aire. Pero logo, as fontes convertéronse case nun elemento decorativo. Foron substituídas por billas nas casas que se abrían e pechaban como se tal cousa. E os faladoiros a carón das fontes desapareceron.

Ana Loureiro Sánchez
FINALISTA CATEGORÍA 2

MICRORRELATOS CATEGORÍA D

Inferno inminente

Pecha a billa! Xa caeu demasiada auga... Estala desperdiciando para cando mereza a pena gastala. Ninguén é quen de facer que a abras. Faime caso! Déixao ir, afástate, non vaias! Es ti quen acaba perdendo o que tes... Non é doado, seino. Pero non che paga a pena, non. Só os teus ollos parecen unha billa deitando auga cristalina. O resto do teu corpo bótaa vermella. E ti non tes culpa de nada. Que o leven. Non, non vai volver. Tranquila! Eu voute protexer e a xustiza... esperemos que tamén.

Mariña Martínez Castro
GAÑADOR CATEGORÍA D

Protexida

Noxo me dá. Noxo me daba vela desa forma, cos ollos inchados e vermellos, goteando coma unha billa; coa pel chea de galaxias e lunares que semellaban estrelas... Noxo me dá que era de quen a coidaba, e grazas a quen a "coidaba", xa non é.

Uxía González Fontán
FINALISTA CATEGORÍA D

MICRORRELATOS CATEGORÍA E

O teu último whatsapp

Abriu a billa... e polo buraco de saída verteu un océano, nenas de Eritrea, nenos de Nixeria, homes de Gambia, mulleres de Somalia, mortos entre auga-muro-tapón. Ti xa non bebes dese auga, prefires en botella. Océano plástico, onde non che queda máis corazón, que o da emoticonas do teu último whatsapp.

Pedro Lamas Carral
GAÑADOR CATEGORÍA E

MICROPOEMAS CATEGORÍAS C e D

A billa da miña aldea

A billa da miña aldea
trae auga pura e fresca
que baixa pola ladeira
do monte de Xesteiras.
A billa da miña avoa
leva unha auga moi boa;
no verán é pouca
e no inverno desborda.

Antía Moraña Blanco
FINALISTA CATEGORÍA C1

A auga é a vida

A auga é vida
e a billa, o lugar por onde camiña
no día a día.

Jorge Monteagudo Pérez
FINALISTA CATEGORÍA C1



Insomnio

Gústasme tanto como os paseos pola praia en inverno,
como os momentos nos que abro a billa para
deixar fluír os meus pensamentos,
como os días de outono
e como as noites
nas que me durmo coa luz da lúa
mentres escoito os latexos do teu corazón.

Enara González Doval
GAÑADOR CATEGORÍA D

Poemas

Igual que unha somnámbula
camiño polas cordas
dun trapecio de neon

Xa non son
a musa de mortais
que ansiaba ser,
e o meu espírito azul
volveuse gris
entre o vapor
de soños estúpidos

Só me queda
pechar as persianas
do suposto peito inmune
que se afunde a cada sopro

Como unha matrioshka
desfágome capa a capa

Salvo unha chama
que chama á escuridade
non hai nada
ao que sacarlle proveito

Proxéctanse en min
seres imaxinarios
que quedaron soterrados
entre as paredes da memoria

Desmigállome
E sinto como as miñas pezas
non cadran
cando tento recompoñelas,
como auga líquida
en mans humanas

Durmida de día
e soñadora de noite
vivo entre tempos
que non acougan,
que non paran

Poemas: Regina Touceda Rey,
2º BACH E

Debuxo: Andrea Campañó Diz,
1º ESO



E nós

E ti que me namoras
 cando estás espida
 enriba da cama,
 coma se dunha musa se tratase,
 e reméxeste entre as sabas
 que tantas veces te viron soñar.

E eu, que recollín unha vez máis
 os cristais do chan
 cortándome en cada dedo,
 facéndome moita pupa;
 e ti, que me curaches sempre
 co teu corazón puro.

E eu que tanto te quero
 e ti que tanto confias en min
 cando pechas os ollos
 e te levo a soñar.

María Torres, 1ºBach E



Anaís González Aboy, 1º ESO



Laura Cancela Castro, 4ºESO

Intercambi...ando doUMIA doNOSTIA

Así chamamos a un dos proxectos máis ilusionantes no Aquis deste curso. O intercambio cultural cun centro de Donostia, o Lauaizeta BHI, no que participou alumnado de 2º de ESO principalmente.

Todo comezou cando por xullo contactamos coa practica totalidade de centros de ensino público vascos. Queriamos un intercambio para achegar linguas, culturas, experiencias, a quen, sen estar moi lonxe, ás veces descoñecemos... Tivemos algunhas respostas, pero a directora deste centro de Donostia, M. Eugenia, mostrou un grande interese no intercambio.

E aí comezamos, primeiro fomos nós, a comezos de abril. Un grupo de 20 alumnos e alumnas, acompañados polas nosas sempre dispostas profes viaxeiras, Lidia e Alba, foron acollidos polas familias e desenvolveron moitas actividades no centro e na cidade. Das máis destacadas foi a Korrika, unha carreira que transcorre durante varios días de xeito ininterrompido por toda Euskalherría. Ó marchar de alí primeiros abrazos, bágoas... pero logo en Caldas e xa roto o xeo estableceuse unha moi bonita relación entre gran parte do alumnado.



Aquí estiveron do 4 ao 10 de maio, para coincidir coa nosa benquerida Festa da Lingua, onde se atreveron a cantar un tema precioso de Mikel Laboa, “Txoria txori” (“O paxaro(é) paxaro”) e interpretaron un auresku, típica danza de alí. O alumnado e os profes Matti e Gurutz foron moi próximos e fixeron do intercambio unha experiencia inesquecible. Queremos agradecer ás familias o seu esforzo por acoller, tanto as de 2º como as doutros cursos, ó alumnado que se implicou... non hai espazo nesta revista para transmitir todo o que nos deron e demos no intercambio.

Moitos departamentos traballaron achegándose á lingua vasca e achegando aspectos da nosa cultura, lingua, gastronomía... Ficamos con gañas de repetir o intercambio, e moito alumnado que non se apuntou, a día de hoxe si que o faría. Desculpas por todos os erros que puido haber, que os houbo... hai que aprender facendo; para o vindeiro curso máis e mellor!, así que ondo pasa eta disfutau (o que lembro do discursiño de benvida. O director, Manuel Rosales, aínda recorda máis...).



Para ver algún dos traballos realizados na aula arredor do intercambio visitade:

<https://doumiadonostia2017.blogspot.com.es/>

Viaxe á neve, a Soldeu

Cando chegamos todos eramos completos descoñecidos. Grandes, pequenos, xente da nosa mesma idade coa que só cruzáramos olladas polos corredores... Pero ao chegar alí, todo foi mudando. Entre caída e caída, unha gargallada; entre cada suspiro de esgotamento, un “imos descansar ao hotel?”. Pequenos xestos de compañeirismo que remataron por converterse en afecto, ou polo menos, complicidade. Aquela mestura de medo e adrenalina que nos acompañaba antes de cada baixada facíase especial cando a compartiamos cos demais, e as nosas pernas deixaban de tremer cando sabiamos que, a uns cantos metros, había alguén agardando por nós, comprobando que chegabamos xuntos. O frío que desprendía aquela neve non foi quen de vencer a calor que entre todos creamos e que agora vive por sempre nos recordos, dentro de cada un de nós.

Mariña Longa, 1º Bach A



VIAXA...ANDO

Lisboa



Lisboa foi non durmir, madrugar e percorrer a cidade durante todo o día; foi a orde á hora de almorzar, a aventura á hora de xantar e o caos á hora de cear.

Lisboa foi compartilo todo, dende a maquillaxe ata unha cama. Lisboa foi alegría, risos, tensión, festa e ata enfados.

Pero, sobre todo, foron grandes momentos, foi unión, confianza e, sen dúbida, a mellor experiencia que levaremos deste curso.

Gabriela Prado 4ºESO B



ENTREVISTA...ANDO

A JOSÉ FORMIGO

L1.- Por que quixeches ser profesor de Xeografía e Historia?

Eu creo que dende novo me gustou o tema de ensinar. De tódolos xeitos dediqueime durante tempo a outras cousas como actividade principal, pero sempre cun ollo posto no eido educativo... poderíamos chamalo vocación? Sobre as miñas materias..., empecei estudando Historia da Arte e despois Xeografía a modo de pasatempo. Coñecer o mundo onde vivimos e as cousas fermosas que pode crear o ser humano sempre me chamou a atención.

2.- Que che gustaría lograr nas clases?

Ás veces coas presións resultadistas, sobre todo en 2º de bacharelato, non se pode facer aquilo que un quixería, pero o que me gustaría sería que aprenderades a gozar de certos eidos do coñecemento como eu o fago. Entristéceme moito cando hai persoas que non son capaces de desfrutar con case nada, parece que todo lles aburre ou non lles importa. No mundo hai tantas cousas interesantes!!!

3.- Se non foses profesor, que serías?

Pode que me dedicara á investigación, e se non á pintura. Agora só podo facelo a tempo parcial.

4.- Que cambiarías do instituto?

Aínda que creo que o noso Centro funciona razoablemente ben, seguro que podemos mellorar en moitos aspectos. Por dicir un, incidiría en que temos que ter máis coidado coa limpeza no centro; que teñamos unhas compañeiras que traballan para termos limpo o instituto non significa que poidamos facer cousas que nunca fariamos na nosa casa. Eu considero que o IES é a nosa segunda casa e debemos coidalo..

5.- Como foi a túa experiencia como alumno?

Con cousas moi boas e outras non tanto, como no resto da vida. Gustoume máis a fase universitaria ca a do instituto.

6.- Como recordas aos teus profesores?

Houbo varios que, sen darme de conta naqueles momentos, marcaron moito a miña vida. Destes nunca me esquecerei, e dos que non o fixeron xa non me lembro.

7.- Cal cres que é a situación actual da lingua?

A lingua somos nós, é un dos alicerces da cultura de calquera grupo. Creo que a estamos a descoidar e que corre perigo de pasar á irrelevancia total, a ser un simple detalle folclórico, xa que a lingua que non se usa é unha lingua morta.

8.- Cal cres que é o comportamento do alumnado fronte á nosa lingua?

Nun colectivo amplo como o noso sempre hai de todo, xente que a coida e outra á que non lle interesa nada. O que si podo dicir é que, como profesor novo que viña ademais de fóra de Galicia, chamoume a atención o pouco uso do galego por parte da maior parte do alumnado.

9.- Sabemos que viaxas moito; a que destinos propoñas viaxar e por que?

Que pregunta máis difícil! Vai depender moito dos gustos da persoa que me pregunte. Para os amantes do mar un percorrido polas illas do Exeo; para os que prefiren a monumentalidade de tempos pasados as tumbas e templos xunto ao Nilo en Exipto; para os cinéfilos aos que lles guste dende o misterio de Agatha Christie, as películas de época ou as aventuras de Harry Potter a campiña e as vilas de Inglaterra; para os urbanitas París, Roma, Istambul ou Londres; se preferimos unha experiencia máis exótica e profunda a India; ou se optamos pola vida nocturna Mikonos ou Palma. O mundo ten tanto que ofrecer...

**Eric Figueiras e
Regina Touceda, 2ºBach**

ENTREVISTA A JORGE MIRA



Aproveitamos que o investigador e divulgador científico Jorge Mira estivo en Caldas para dar unha conferencia e fixémoslle unha entrevista. Velaquí a tedes.

B- Moi bos días. Como e cando comezaches a decantarte polo ámbito científico?

J- Na carreira científica dunha persoa nunca hai un comezo. A min gustábame todo, a literatura, o latín, todas as materias... pero nun momento ves que hai algo que che pode gustar máis. Tamén son importantes os profesores que tes no bacharelato: eu tiven en 2º de BUP, o 4º de ESO de agora, un profesor de física bastante bo, que me orientou aí... E o meu proceso foi ir derivando gradualmente cara á física e á matemática.

B- E por que elixiches ó final a física?

J- Tiven unha crise entre Matemáticas e Física. Tentei facer as dúas ao mesmo tempo. Pero a física parecíame máis tanxible porque explicaba mellor a natureza, e tiña ademais un gran contido matemático. Así que coa física podía ocuparme das dúas, e explicábame o mundo.

B- Ademais de físico, es deportista, bailarín, catequista... Como poden ser compatibles ciencia e relixión?

J- A ciencia ten o seu punto e a relixión ten tamén o seu propio punto. Hai algo que a ciencia non pode explicar. Cando chegas ao big-bang, o momento da creación... pasas da nada; pero, para a mente humana, da nada non pode saír máis que nada. E a nada non podes analizala, explicala. A relixión é un enfoque. Non é que eu sexa realmente crente, eu na catequese pásoo ben coa xente... E eu vexo potente a idea de querer-se o un ao outro. Ese amor fraterno fixo que o mundo occidental progresase dunha maneira diferente a outras zonas do planeta e que sexa, aínda cos seus problemas, o mellor lugar do mundo para vivir.

B- Cal é o teu referente no mundo da física? Por que?

J- Hai moitos... Historicamente Newton e Einstein son as grandes figuras... Pero non son moi de referentes, non son especialmente mítomano.

B- Que opinión tes de Stephen Hawkins?

J- É un tipo que tivo moi mala sorte, porque está feito unha “puta merda”, moi mal de saúde, moito peor do que poidas imaxinar. Pero é un tío que ten unha forza de vontade tan tremenda que, estando tan mal como está dende hai anos, ten unhas enormes gañas de vivir. A xente pensa que é famoso porque está mal; pero non, é famoso porque nos anos 70 fixo descubrimentos moi importantes sobre o big bang e os buratos negros. É un gran científico e ten moito mérito porque, cando empezou a facer cousas, non podía mover as mans e para facer cálculos, escribir... axuda pero el fíxoo todo de cabeza. Ten bastante mérito.

B- E que opinas da súa frase: “A raza humana ten que saír da Terra se quere sobrevivir”?

J- A raza humana ten un problema: que a Terra é máis pequena do que nos parece. A atmosfera é unha lámina moi fina onde o 99 % vive en 25 Km de altura. Se a Terra fose un balón de fútbol, a atmosfera sería como unha lámina de plástico destas que usas para envolver a leituga no frigorífico... Non hai atmosfera suficiente para a merda que lle estamos metendo. Calquera día vainos vir un “pirado” como Trump ou o coreano ese e imos ir todos ó carallo. Imos ter tamén un problema grave de superpoboación, vai haber tensións... imos por mal camiño. Hai que buscar solucións, pero vai ser difícil.

B- Que falarías con Albert Einstein se puideses?

J- Sobre todo falaría de como lle nacen as ideas, do proceso de creación que ten el, a inspiración, como fai para traballar, que postura ten para ver as cousas que o rodean...



Vou sacar un libro sobre Einstein nun mes, no Consello da Cultura Galega, onde se conta o proceso para facer a Teoría da relatividade... El sufriu moitísimo, era unha cousa moi difícil, pero tiña un enorme talento. Ver como chega a esas ideas é o que a min me fascina. A min e a todo o mundo

B-Que descubrimento eliminarías que tivese consecuencias negativas para a humanidade?

J- Ningún, porque todo o que inventas é un adianto. Pero ti podes utilizalo para ben ou para mal. O coche é un gran invento, pero todos os días morre xente, é unha das maiores causas de morte na túa idade, hai que prohibilo? Non. Non quitaría ningún, todo o que se inventou foi bo. Todos os avances acaban dando outro tipo de avances... O coñecemento nunca está mal.

B- Deberíamos temer a intelixencia artificial?

J- Eu colaboro cunha liña de investigación de imaxe médica con intelixencia artificial. A capacidade da intelixencia de coñecer patróns de imaxe superou hai ano e medio a capacidade humana. Hai que adestrar a intelixencia artificial e, co tempo, xa é máis lista ca nós para recoñecer patróns. Nalgún momento vai haber un paso no que a máquina sexa máis potente ca nós. Dá inquietude. Eu consólome pensando que non vai haber transición entre homes e máquinas, senón que haberá un momento en que empecemos a meter apliques... Estou convencido de que o ser humano do 2100 vai ser un cyborg, que teña integradas pezas, que teña parte humana e pezas. Non creo que haxa unha substitución de máquinas que nos dea un golpe. Está claro que a tecnoloxía se incorporará ó noso corpo. O patrón evolutivo do ser humano vai cambiar neste século. Levarás un implante que che mida a insulina, unha retina de grafeno, un programa que libere endorfinas nalgún momento. Unha zona na que che entre un impulso eléctrico para activar certas zonas e ser máis feliz. Acabaremos sendo cyborgs. Si que o vexo.

B- De onde sacas o tempo para facer tantas cousas á vez?


J- Organizándome ben, basicamente. Tamén traballo moito. Organizome ben e procuro non perder o tempo nunca.

B- Vendo que tes premios de todos os rangos, a cal che gustaría aspirar?

J- Teño na cabeza algunhas cousas... pero son inconfesables (risas dos dous).

B- Seguro que se che pasou pola cabeza o Nobel de Física? Que me dis a iso?

J- Teño o gran privilexio de coñecer a moitos premios Nobel,



pero eu non o gañarei... Implica algo histórico. É difícil, hai moitísima xente, non é para min. Ogallá un día descubriera algo...! Pero é tan difícil, tan difícil, tan difícil...

B- Como animarías a mocidade que comezan cos seus estudos na Física, como nos pode chegar a gustar?

J- Empézache a gustar no momento en que empezas a explicar aquilo que te rodea. Cando ves que ten explicación. Predicir o que vai ocorrer no mundo que te rodea e saber encontrar a verdade que está detrás das cousas, iso para min é o maior pracer da mente humana. Non alcanzo a pensar en algo superior a comprender o que te rodea. A min sempre me gustou estudar. Se vivira 300 anos, estudaría todas as carreiras: Bioloxía, Arte, Filosofía... todo. É o maior enriquecemento que ten unha persoa.

B- Pensas que é útil empregar o galego na ciencia?

J- O galego é a nosa lingua natural. A nosa lingua vehicular, unha lingua que resistiu medio milenio cun panorama lexislativo en contra. É como unha evolución do noso territorio... Eu son galego case monolingüe, aínda que falo castelán tamén. O galego é na lingua na que me atopo comfortable e a que debemos utilizar os galegos. Ademais o galego é tamén unha ponte ó mudo lusófono. O galego-portugués é a quinta lingua do mundo, ten moitas vantaxes de proxección. Eu son dos que avoga para que se estreite lazos co portugués, pois a lusofonía é un mundo potente e grande e unha vantaxe no currículo.

B- É necesario abandonar a lingua propia para progresar profesionalmente no ámbito científico?

J- Non, sen dúbida. Eu son da costa da morte, son galegofalante dende sempre e a min foime bastante ben na miña profesión. Non hai ningún problema...



B- Xa por último, que che gustaría facer proximamente que aínda non fixeses?

J- (pensa uns segundos...) Tomar un descanso (risos dos dous) porque levo un ritmo moi alto. Un mes sen ipad, sen nada, sen ordenador, as redes sociais son unha p...perigo. Odio as máquinas, aínda que estou rodeado delas, cada vez me gustan menos. A xente gañaría moito se deixara de mirar para isto. Hai unha enquisa, que saíu hai pouco, que dicía que o vinte e pico por cento dos adolescentes pasan 6 horas ó día conectados... Iso é morrer, iso é morrer a prazos, morrer un terzo da túa vida pouco a pouco. Non o fagades, dosificade as redes sociais...

B- Isto é todo. Moitas grazas pola colaboración

J- Moitas grazas a ti. Encántame o teu micrófono. Grazas pola entrevista!

Blanca Barros Rubines, 1ºBach A



TÍRALLE DA LINGUA

Este ano tivemos a marabillosa experiencia de participar no Tíralle da Lingua. E estarédesvos preguntado que demo é iso? Trátase do concurso de relato oral que se celebrou a nivel autonómico no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

E si, marabillosa experiencia porque gañamos.

Gañamos o segundo premio na categoría do segundo ciclo da ESO e Bacharelato a través da nosa compañeira María Torres Barreiro, que nos tocou o corazón co seu relato “Fuxir”.

Gañamos coa excelente e emotiva participación de Uxía González Fontán con “Querido segundo amor”.

Gañamos porque o público, o noso, os nosos mozos e mozas comportáronse como o que son, auténticos compañeiros e compañeiras, abrazando, animando, asubiando, mimando, querendo, aplaudindo e patexando co único obxectivo de arroupar a María e Uxía. A mensaxe estaba clara: non estades soas!

Gañamos porque o proceso de selección no propio centro xa foi unha marabillosa experiencia en si. Porque o traballo, a creatividade e o talento manifestáronse dun xeito claro, así como a seriedade e xustiza na hora das votacións.

E si, gañamos todos e todas.

Parabéns ao alumnado de Teatro. E grazas!



CELEBRA...ANDO

En maio tivemos a nosa **Festa da Lingua**. Pura emoción. Unha morea de rapazas, unha morea de rapaces, de 3 a 17 anos, reunidos en torno á música e á palabra. Ollos atentos e, sobre todo, ouvidos atentos aos nosos sons. Rapazada de Moraña, Barro, Cuntis, Portas e Caldas xuntos, compartindo espazo cun obxectivo: honrar a lingua. Pode haber algo máis fermoso?



Na Azucreira de Portas reunímonos o 5 de maio para celebrar a Festa da Lingua. A poeta Miriam Ferradans (Dos nomes do fume, Deshabitar unha casa) entregou os premios do concurso de microtextos. O Aquis recibiu tres premios en prosa: categora C1 para Uxa Silva Sousa, categora D para Maria Martnez Castro e categora E para Pedro Lamas Carral. E un en poesa, a categora D para Enara Gonzalez Doval.

O ritmo de festa púxoo o concurso de música Sondoumia, que este ano chegaba á súa quinta edición. Nove grupos interpretaron en directo os seus temas, buscando impresionar a Guadi Galego (Benzón, Lúas de outubro e agosto, O mundo está parado), que tivo a ben ser a nosa presidenta do xurado. Finalmente, o premio de primaria foi para Moraña e o de secundaria para Barro.

Nós estivemos moi ben representados por Néstor, Cristian, Pablo e Varela, Os Rumorosos, co tema de composición propia Só quero axudar. Non gañaron pero levaron unha gran ovación dun público entregado.

Este ano escolleuse o ámbito dos medios de comunicación para entregar o Premio Lingumia á defensa da lingua. O galardón recaeu na canle de TV Rías Baixas.



O fin de festa foi moi especial. O alumnado do Lauaizeta BHI de Donostia, que estaba de intercambio no noso centro, subiu ao escenario e interpretou para nós unha danza tradicional e unha canción en éuscaro. Marabillosos!!!!



DESTACA...ANDO

MARÍA TORRES, IBach E

A nosa compañeira María Torres quedou segunda na súa categoría (2º ciclo da ESO e Bacharelato) no Tíralle da Lingua. Nós tivemos a sorte de estar alí e vivilo en directo.

En que te inspiraches ou como se che ocorreu a idea de falar deste tema?


A violencia de xénero é un tema moi visible , desgraciadamente, na nosa sociedade. É tan triste que, moitas veces, non lle deamos a importancia que ten e miremos para outro lado...! Teño a sorte de que non tiven que botar man de situacións próximas a min, pero só fai falla prender o televisor ou ler algún xornal para ver a barbarie que se vive en pleno século XXI.

Era a primeira vez que facías algo así ou tes actuado antes diante de público?

Levo na escola de teatro de Cuntis dende os seis anos, pasando do grupo infantil ao xuvenil, ata o ano pasado, que tomei una das decisións máis tristes, deixalo. Para min o teatro é a miña espiña, una das cousas máis bonitas que fixen e a miña gran paixón.

Esperabas gañar?

Para nada, había moito nivel. Teño que darlle, unha vez máis, os parabéns a Uxía xa que o fixo increíble e é una actriz fantástica.



Coma es “actriz”, isto axudouche a que tiveses menos nervios?

Sempre hai nervios, aínda que non o pareza. Pero teño que dicir que estaba moi tranquila. Ademais os meus compañeiros (todo o grupo de teatro) animáronnos dun xeito increíble, tanto a Uxía como a min. Sodes increíbles, rapaces.

E isto do teatro, velo tan só como una afección ou tamén como unha saída profesional?

Dende ben pequena, tiña claro que me encantaría ser actriz e aínda sigo soñando. De primeira opción teño xornalismo, mais ogallá que con constancia e esforzo puidera compaxinar as dúas cousas.

Andrea Ocampo e Isabel Sanmiguel, 1º
Bach E



Uxía González, 1º Bach A

Uxía, como xurdiu o teu primeiro contacto co salvamento e socorrismo?

Case todos os da clase tiñamos o costume de ir a natación. Eu xa fora de pequeniña, empezara con 3 anos. Chegados os 10-11 anos, víame máis avanzada có resto de xente coa que ía (non é por chulear). Daquela o monitor, que era tamén o adestrador do Club Acuático Umia, suxeríume comezar na Escola Municipal e aceptei. Estiven un ano indo ás clases de natación (unha vez á semana) e á Escola Municipal (dúas veces á semana) e, deseguido, empecei directamente no Club. Ata agora.

Canto tempo levas practicándoo?

Levo media vida, uns oito anos. Comecei sendo alevín de segundo ano (en salvamento as categorías comezan en alevín e bótase dous anos en cada categoría). Actualmente son junior de primeiro ano.

Que títulos tes gañados?

Moitos importantes! (rise) Por individual estiven hai tres anos por primeira vez no podio, como campioa galega da modalidade que mellor se me dá, táboa. Hai uns dous anos estiven como subcampioa galega e o ano pasado como campioa galega e subcampioa de España, sendo así a primeira nadadora do Club en conseguir unha medalla de España en praia.

Ademais, a nivel de Club, todos os anos participamos nos Campionatos galegos e levamos dous anos quedando campións en piscina. Hai que resaltar que o ano pasado quedamos subcampións galegos na categoría absoluta en praia.

Hai que ver que nivelazo! A que outros títulos che gustaría aspirar?

Cantos máis mellor! Gustaríame quedar campioa galega este ano e, se puidese, tamén campioa de España na miña categoría. Ademais no Campionato galego de absoluta tamén

me gustaría conseguir o ouro. Así quedaría proclamada como a mellor deportista en táboa de Galicia e por primeira vez, penso, asistiría aos Campionatos de longa distancia (12 km en táboa con outras modalidades). Sen dúbida, gustaríame asistir!

Cal é a túa figura ou modelo a seguir?

A verdade é que nunca o pensei, basicamente porque non tiña expectativas tan altas e sempre me contentei coas metas que eu alcanzaba. Non podo esquecerme de Antía García, que tamén estivo neste instituto e é unha das mellores de España en piscina. Admíroa moito, tanto polo seu traballo, como polo seu desfrute na auga, sempre aprendendo cada vez máis... así que en parte, gustaríame ser coma ela. Está ademais, un animador do Club, Rubén, un dos máis veteranos. Participou hai pouco nun Campionato de España-Europeo na máxima categoría, acadando moi bos resultados. Un exemplo de superación impresionante. Por último, teño que mencionar o meu adestrador polo seu gran esforzo.

Quéreste dedicar a isto nun futuro?

Encantaríame! Este deporte é unha das miñas paixóns. Non vou ter a sorte de acadar un futuro como deportista, pero si me gustaría adestrar ou incluso ser monitora de natación. Algo relacionado cos deportes acuáticos, a área onde teño coñecemento.

Sen dúbida espérate un futuro brillante! Por último, Uxía, como animarías a xente para que practicase salvamento e socorrismo?

É un deporte moi sorprendente e máis diferente do que un espera, ademais de ser moi completo e divertido! En parte, tamén alberga un futuro porque aprendes moitas cousas do ámbito do socorrismo aplicables na vida cotiá.

Moitas grazas pola túa colaboración!

Grazas a ti, un pracer!

Blanca Barros Rubines, 1ºBach A



Cousas que pensei o 12 de abril

A lúa agóchase tralas nubes escuras da noite, chove, e os troncos solapan as bágoas que esvaran polas pálpebras húmidas dunha nena magoada

Rapaza deshabitada
soa
e insegura,
nena máxica
mais desafiuzada
(dos seus sentimentos).
Gustaba de explorar,
mais non de explorarse,
cría ser ela,
(imaxe utópica do inconsciente)
porén, seguía o dogma.

seguen as bágoas, mais agora non soas, senón cun sorriso. Xo non chove, as estrelas impoñen a súa hexemonía no espazo tempo, e a lúa, imperial, evoca un continente (marabillosa imaxinación)

Sucédese a metamorfose,
a nena,
tórnase muller;
excítase e sangra,
mastúrbase e soña
(o dogma, cae en desidia).
Por fin, a exploradora sabe querer;
e quererse.

Serxio Abalo 2ºBach E

Debuxo: Iustina Zaharia 1ºBach E



Serxio Abalo, alumno de 2º Bach, resultou premiado na V edición do Concurso Escolar de poesía, Rosalía de Castro. Na foto vémoslo mostrando o premio fronte á casa da poeta. No recitado do seu poema no acto da recollida de premios celebrado na Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón causou un gran impacto e emoción entre o xurado e o público asistente grazas a unha sentida lectura que logrou ata que se detivese o tempo. O seu poema sairá publicado proximamente xunto aos dos demais premiados. No entanto, se tedes curiosidade por coñecer como escribe, á nosa revista tamén enviou o poema **Cousas que pensei o 12 de abril**. Non me negaredes que ten estilo!
Parabéns, Serxio

REFLEXION...ANDO

A experiencia de uma “auxiliar de conversación” em Espanha

Tudo começou em junho de 2016, quando recebi, por e-mail, a minha “carta de nombramiento” destacando-me para ser auxiliar de conversación em Caldas de Reis, Pontevedra. Inicialmente não queria acreditar nesta boa notícia pois tinha tentado, há dois anos, concorrer a esta bolsa mas sem sucesso, o que me levou a desconfiar se aquele e-mail era realmente para mim. E sim, era!

É claro que entrei em contacto com outros auxiliares e, gentilmente, explicaram-me todo o processo detalhadamente e aí a minha consciência tranquilizou. Depois do Mestrado, este seria o meu primeiro emprego e ainda por cima na minha área de estudos.

Assim que o verão terminou e feitas as despedidas, dirigi-me para o sítio de onde escrevo estas palavras. A adaptação inicial foi complicada e nem eu esperava outra coisa: deixar o meu país para passar a viver noutro; passar a viver sozinha e ter responsabilidades de adulta; primeiro emprego, primeiro salário, primeiras contas para pagar...Mas crescer é sinónimo de mudanças, correto? Ficar na minha zona de conforto não me ia trazer aprendizagens.

Contudo, à medida que os meses foram passando, tudo se tornou mais leve de suportar. Passei a conviver com outros auxiliares, a viajar dentro da Galiza e a ir frequentemente a Portugal. Habituei-me às pessoas galegas, aos seus hábitos e costumes, habituei-me aos meus alunos e colegas de trabalho. Posso dizer que, na maioria das vezes, me senti “em casa”.

A experiência enquanto auxiliar foi gratificante. Confesso que ainda tenho um longo caminho a percorrer enquanto docente mas vou embora com a sensação de missão cumprida.

Fiz o que estava ao meu alcance para partilhar o meu conhecimento, a minha cultura, a minha língua... Esforcei-me ao máximo ao longo destes oito meses e acordava todos os dias (ou quase) com vontade de trabalhar mas também de aprender.

Não sei o que o futuro me reserva, não sei se voltarei cá no próximo ano letivo, não sei... No entanto, sei que fui feliz e sei que vou embora de coração cheio. Fui muito bem recebida e levo daqui amigos, sem dúvida.


Aos meus alunos, aos professores e à direção de ambas as escolas, muito obrigada pelo carinho. Levo um bocadinho de vocês no meu coração.

Vemo-nos pelo mundo.

Marina Gonçalves



Caldas de Reis,
1 de junho de 2017



Dereitos lingüísticos

Ola, son Serxio e, actualmente, falo galego en todos os ámbitos da sociedade. Esta situación non sempre foi así, xa que de cativo tiña interiorizados unha serie de prexuízos que, inconscientemente, facían que amosase unha actitude de desprezo cara ao idioma propio do país. É paradoxal: as mesmas persoas que me falaban galego na miña infancia, foron as que me fixeron renegar del.

Esta situación vén dada desde hai moitos anos, especificamente desde que se introduciu o castelán no territorio. Debido a que o idioma novo era falado polas persoas de poder, o galego foise illando e desprazando. Todo isto derivou nunha situación de diglosia, que orixinou que as persoas adquirisen actitudes negativas e sentimentos de inferioridade cara á lingua, os chamados prexuízos.

Esta situación diglósica que comezou hai tantos anos, lamentablemente, trasládase ata a actualidade. É difícil eliminarmos por completo todos os prexuízos lingüísticos. Edúcasenos dunha maneira na que renegar do teu propio idioma está socialmente aceptado. Porén, se decides empregar o galego como lingua habitual, vas ter que sufrir constantes desautorizacións polo simple feito de falala. Mais para mudarmos esta situación, ten que haber unha vontade cidadá de cambio, xa que, se a sociedade non loita polo dereito a vivir en galego, dificilmente os órganos de goberno o van facer por iniciativa propia; non lles interesa.



As persoas que si valoramos o idioma e rachamos case por completo cos prexuízos, queremos poder desenvolver toda a nosa vida con normalidade en galego. Iso é totalmente imposible na sociedade actual, xa que o galego é unha lingua minorizada; é dicir, é unha lingua que non pode gozar de todos os seus dereitos na sociedade.

É unha vergoña que se eu quero tramitar algo nun ámbito público en galego, teña que esperar uns días, non obstante, se o quero en castelán, pódoo facer instantaneamente. Isto tamén ocorre, por exemplo, na educación; xa desde hai un tempo o galego está prohibido como lingua vehicular nalgunhas materias do ámbito científico. Semella difícil de crer que non poidamos estudar todas as materias en galego dentro de Galiza; non creo que a un Italiano lle neguen a posibilidade de estudar na lingua do seu país, sería surrealista. Por iso nós pedimos que se cumpra a lei e se garanta o dereito a estudar na lingua da nosa nación. Na miña opinión, ser bilingües de nacemento é unha sorte que non todos poden presumir de ter. Non concibo a maneira de pensar das persoas que renegan das linguas, xa que todo idioma que se domine, aparte de enriquecer as persoas lingüisticamente, facilita a comunicación con outros países e outras culturas.

Eu desde aquí, desde este humilde texto, pido que haxa unha vontade social de cambio, de querer vivir en galego e de valorar a riqueza lingüística que posuímos.

Serxio Abalo, 2º Bach E

Debuxo: Iustina Zaharia, 1º Bach E

A miramundos

A súa maxia persiste, coma os sentimentos que xeran os seus versos, o símbolo das letras galegas.

A súa memoria convértese en inmortal navegando ata as nubes orixinarias, a nosa poetisa internacional viaxando polas alturas coa compañía norueguesa de liñas aéreas “Norwegian” que presenta un avión dedicado á nosa escritora senlleira.

Viaxará pola terra mirando para todos os galegos do mundo, xa que este avión levará o seu nome e a súa figura impresa, nos aires, airiños. En lembranza á muller adiantada ao seu tempo que recuperou o galego como lingua de cultura.


Rosalía guiará aos pasaxeiros polas alturas, mirando dende alí a súa prezada terriña. E, coma se houbera un pacto para ligar o seu nome aos ceos, o aeroporto de Santiago de Compostela tamén se suma á homenaxe ao cambiar o seu nome polo de Rosalía de Castro, Santiago de Compostela-Lavacolla.

Tremerá de emoción por sentirse galega, a nosa MIRAMUNDOS.


Fálame como o fixo ela, en galego.

Texto: Blanca Barros Rubines, 1º Bach A

Imaxe: Laura Cancela Castro, 4º ESO A



Os Mitos Do Amor Romántico



Levamos toda a vida escoitando que para ser felices temos que atopar unha media laranxa que nos complete, porque sen ela, faltaranos algo.

Bombardeáronnos con que para ser felices debemos atopar un amor eterno (de conto de princesas).

Enganáronnos con que o amor é eterno,
con que o amor todo o pode,
con que se non doe, non é amor.

É o momento de desmontar estes mitos e loitar por e para as xeracións futuras, para que medren sabendo que quen te quere, non te fará sufrir; que o amor, pode ser para toda a vida, pero tamén pode non selo, e sobre todo, que non necesitamos ninguén que nos complete, porque xa estamos enteiras e que a única persoa que vai estar sempre ao noso carón e nos pode facer eternamente felices somos nós mesmas.

Texto: Gabriela Prado, 4º E.S.O.

Imaxe: Natalia Rajoy García, 2º Bach. A

ENREDA...ANDO

Chus (Historia)

- Caramba!
- É puro teatro (falando do Barroco)
- Esta clase si que é surrealista
- Tiramos pa' diante.

María (Latín)

- Peeeeeeero...
- Lembrede que nos textos de latín poucas veces aparecen porcos.
- (Colle aire) Curiooosidaadeeee!!!
- Pppppffff... este exemplo...(movemento raro coas mans)

Xosé (Xeografía)

- Comprendedes a idea?
- Eu teño unha amiga...(toda a clase dáse de conta de que vai ser unha das anécdotas que conta e di... "anécdota, anécdota, anécdota!!!")
- Un alumno di: "Hai un rapaz cantando fóra", resposta Formigo: "E bastante mal por certo."

Fajundes (Filosofía)

- En parte si, en Partenón.
- Levantade as cadeiras e non digo que bailedes.
- Non sei por que tes ganas de mexar se o exercicio de "nomea" fixéchelo ben no exame
- Non Descartes ningunha opción, pero tampouco Locke(es)
- Non lle deas plantón a Platón

Pedro (Música)

- (Dirixíndose ó alumnado das distintas seccións de instrumentos que interpretan unha peza) "chicos da madeira, chicas do metal, caris (por carillóns),... todos xuntos!"
- (-Para marcar o ritmo dunha peza empeza a inventar sílabas)
- "Pum. chis,kas,plis chis,tas..."

- Vou falar un pouquiño (e enléase media hora)
- (Entoando) Do, si, do, re.... eu canto moi mal pero...(e segue cantando)

Ángeles (Matemáticas)

- Porfi !!!
- Xa entrén
- Esta é unha clase de agobiadas (a 2ºA bach)
- E diredes vós: “Profesora, é sempre así?” Si, é sempre así.

Dieguéz (Galego)

- Vale Manolooo
- Non debería dicírvolo porque estades en bacharelato, pero non hai nada mellor que sentarse e non facer nada.
- Os apuntes engordádelos co que aparece no libro.

Abadín (Bioloxía)

- Anotade...

Suso (bioloxía)

- Gardade as chuletas que en cinco minutos vou pasar por aí e se as vexo teño que quitelas.
- Se non hai sitio no venres, ponlle o negativo no sábado.

Marga (Bioloxía)

- Matarte era pouco, ... Danme ganas de torturarte
- Vas a xefatura, dislle que es tonto e volves.
- Separádevos da miña mesa!
- Non vos poñades detrás da columna!

Pilar (inglés)

- Así que esto nos lo podemos cargar...

Miguélez (Economía)

- (Toca o timbre e o alumnado sae disparado) Por se non vos destes conta, hai unha porta aí! Non a tiredes abaixo!



Escudero (Castelán)

- Así a voz de pronto...
- El único sitio en el que el éxito está antes que el trabajo es en el diccionario
- Qué vida más triste tenéis si no sabéis hacer interrogativas!
- Que avise quien tenga chuletas
- Profe, mancháche de tiza. - Non hai problema. Métome na lavadora, maréome un pouco e saio limpo.
- Non charles, Chaplin.

Antonio Augusto (Castelán)

- O exame vai ser precioso.
- Veño do inferno.
- Alumno: “Sabes latín? Cantos idiomas falas?” Antonio: “En el infierno se hablan todos”
- Los chistes de Escudero solo hacen gracia si los cuenta Escudero.
- Alumno: “podémoste chamar Anthony?” Antonio: “Non, Antonio, señor profesor”

Elena (Literatura Universal)

- Como berrean los infantes!!!!
- Cuando a vuestra merced le plazca, pondremos la fecha del examen.

Olalla (Educación física)

- Colledes os macaquiños!
- Momeeento de escoitaaaar (x 8 veces seguidas).

Merce (Educación física)

- Cágate lorito pa que te tiro escopeta
- Os vais a cagar en mi en el fin de semana
- Festa revolta

O Aquis en imaxes



Concerto benvida polo alumno Miguel Froján



Exhibición Taekwondo polos ex-alumnos Lúa e David



Recollida de alimentos sen glute e sen lactosa




Conferencia "O sabio Caldas", 1º Bach



Viaxe a Porto do alumnado de portugués



Actividades para todos os gustos no fin do primeiro trimestre



Participación na Olimpíada de Bioloxía



Recitado poético-musical no Día da Paz


Máis imaxes do Aquis



Charla xuiza Dasi, 1ºBach D,E
(Conquistadoras da vida cotiá)



Asistencia a un Xuízo na Audiencia de Pontevedra do
alumnado de Ética e Filosofía do Dereito



Festa do entroido



8 de marzo: secundamos cun paro de media hora a folga mundial das mulleres, lemos textos e representamos "Caladiña non estás máis guapa"



Viaxe a Andalucía




Viaxe a Lisboa



Charla sobre prevención do acoso sexual a través da rede




Os alumnos de 4º asisten á charla Sorrisos transformadores, do colectivo LGTB



Proxectos realizados polo alumnado de 1º de ESO na materia de Xeografía e Historia



Demostracións de Impresión 3D e realidade virtual



Xornada para fomentar a igualdade no traballo doméstico dentro do **Proxecto Quérote máis**



Saída didáctica a Campo Lameiro do alumnado de Ciencias da Terra e Antropoloxía menhir de Gargantáns (Moraña) petrógrifo do Cervo



3ºESO no **Proxecto Terra**: canón do Sil, Ribeira Sacra e a Serra do Courel



Exposición da vida e obra de Carlos Casares Día do libro: exposición de recomendacións do alumnado; recital poético-musical, 4º ESO



Intercambio do alumnado de 2º da ESO co Lavaizeta BHI



O escritor **Manuel Porfas** veu falar cos alumnos de 1º de Bach sobre a súa obra "Lourenço, xogar"



Charla sobre prevención do ictus, 1º Bach.



Fase de selección para participar no **Tíralle da lingua** (en teatro)



Participación de alumnado de 2ºE na Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos



O Aquis colaborando activamente na 1ª Semana da Ciencia en honor a José de Caldas (o sabio Caldas)



Festa de despedida de 2º de Bacharelato



Xornada Clubs de lectura



Viaxe a Francia

O EDNLG do Aquis segue contigo na rede:



@AquisFalamos

@aquisfalamos

Aquis Vídeo

<https://aquisfalamos.wordpress.com/>



COLABORA...ANDO

Conquistadoras da vida cotiá...

Este curso, un ano máis, o profesorado do Aquis propuxémonos dar ao noso alumnado outro exemplo daquilo de que “ti só non podes, com amig@s si” (que dicía unha amiga miña) ou, dito con termos máis acaídos, de aprendizaxe cooperativa. Para isto deseñamos un proxecto colaborativo que nos permitise traballar co noso alumnado os contidos específicos das diferentes materias ao tempo que nos achegamos criticamente á realidade que nos rodea, neste caso conseguímolos a través da reflexión sobre a igualdade de xénero, pero enfocando.

O resultado foron dous produtos estupendos: unha obra de teatro que non é teatro e unha axenda que non é unha axenda (unha sorpresiña que vos temos para o curso que vén). Explícome:

A obra de teatro non é unha obra porque son moitas e non é teatro porque é realidade. O alumnado de 1º E e D de bacharelato achegouse á realidade de galegas históricas da noso pasado e tamén do presente, pescudou sobre elas e chegou a coñecerlas ata tal modo que foi quen de elaborar uns guións e posteriormente dar de novo vida a estas mulleres a través das súas representacións escénicas, o que nos permitiu aos e ás privilexiados que puidemos asistir (re)coñecer ás que xa son os nosos exemplos a seguir: Rosalía, as Dúas Mariás, Baia...

A axenda non é unha axenda porque ademais é a historia da nosa terra a través das súas mulleres. Algunhas destas mulleres foron ou son as autoras de feitos de gran importancia histórica pero poucas delas tiveron e teñen o recoñecemento que merecen, por iso co alumnado de 1º e 2º da ESO quixemos renderlles a nosa particular homenaxe a través de 365 efemérides das mulleres galegas e 12 biografías de mulleres da nosa comarca. E quen son estas mulleres? Algunhas son recoñecidas, outras foron silenciadas ou voluntariamente ignoradas e outras son as mulleres que, coma túa avoa ou túa nai, se encargan no día a día de quitar adiante as súas familias, que non é pouco mérito... Todas elas, mulleres galegas, mulleres do Umia, mulleres de Caldas, son (como diría Guadi Galego na súa marabillosa canción “Matriarcas”) AS CONQUISTADORAS DA VIDA COTIÁ.



IUSTINA ZAHARIA, 1ºBach E